

No nome de ARUME é un pracer saudarles e informarles de que o próximo curso seremos a empresa responsable do servizo de comedor no seu centro.

Se desexa efectuar o alta para o curso 2018-19, deberá remitir esta ficha e o documento "Información sobre o tratamento de datos persoais" debidamente cubertos ao ANPA do colexio. Rogámoslle que lea atentamente e que asine nos lugares indicados expresando a súa conformidade. De seguido, detallamos as normas de funcionamento:

1. A petición de alta, baixa ou modificación do servizo (incluíndo o turno laboral) deberá comunicala ao ANPA **antes do 25 de cada mes**, facéndose efectiva para o mes seguinte. Así mesmo, se desexa anotar ao seu fillo como **esporádico debe avisar directamente a ARUME** o día anterior ou antes das 10.00 h. do mesmo día no teléfono 630 36 38 44 ou no email info@arumeservicios.gal. **Estas comunicacións nunca poderán realizarse a través dos monitores/as. Igualmente, agradécémoslle que informe ao ANPA das ausencias ao comedor.** Esta información é importante para nós. Recorde que somos os encargados da custodia do seu fillo.
ARUME está a disposición dos usuarios para calquera dúbida no teléfono **630 36 38 44**. O horario de atención é **de luns a xoves de 09:30 h a 14:00 h, e de 15:00 h a 18:00 h, os venres só en horario de mañá**. No verán (do 01/07 ao 31/08) só en horario de mañá. En ningún caso se atenderán SMS. Por outro lado, **tamén pode contactarnos por correo electrónico info@arumeservicios.gal**

2. Se falta algún dato, a solicitude non será válida. Unha vez cuberta e entregada implicará, salvo notificación en contra e dentro dos prazos anteriormente indicados, a contratación e pago do servizo solicitado.

3. ARUME dispón dunha páxina web onde os usuarios poderán acceder sempre que o desexen seguindo as instrucións da propia páxina www.arumeservicios.gal.

4. Toda-las mensualidades serán do mesmo importe (excepto a primeira que incluíra a maiores o coste do **seguro anual escolar de 5 €**), xa que son calculadas a partir de da totalidade dos días lectivos e repartidos a partes iguais entre todo-os meses do curso escolar. A utilización deste servizo poderá solicitarse por meses completos ou por días concretos da semana. O recibo bancario de cada mes corresponderá ao mes do servizo.

5. ARUME prevé os seguintes descontos (non acumulables):

- Segundo irmán: Desconto do 10% na mensualidade do irmán máis novo.
- Familia numerosa (3 ou máis irmáns usuarios do comedor): Desconto do 5% na mensualidade de todo-os irmáns.
- Usuario Madruga e comedor: Desconto do 7% na mensualidade do comedor.
- ARUME non ten ningunha competencia na asignación e/ou obtención de bolsas.

6. Non se farán descontos nos recibos mensuais por días de ausencia, salvo que sexan por enfermidade superior a 4 días consecutivos, teñan avisado das ausencias e se aporte un certificado médico.

7. Causar baixa no servizo cando se produza o impago do recibo. Non poderán facer uso do servizo de comedor usuarios con recibos pendentes de pago.

8. Prazo máximo para entrega-la ficha para comezar o comedor en setembro é o 31/08/2018.

| PREZOS CURSO 2018-2019 | |
|---|-------------------------|
| SERVIZO COMEDOR ESCOLAR | |
| 5 | DÍAS/SEMANA 79,58 €/mes |
| 4 | DÍAS/SEMANA 63,67 €/mes |
| 3 | DÍAS/SEMANA 47,75 €/mes |
| 2 | DÍAS/SEMANA 31,83 €/mes |
| 1 | DÍAS/SEMANA 15,92 €/mes |
| Turno Laboral: cobraranse por días programados de asistencia | |
| ESPORÁDICOS: 5,50 €/día | |
| SERVIZO MADRUGA | |
| INCLÚE ALMORZO | |
| FIXO MENSUAL | 35,95 €/mes |
| ESPORÁDICO | 3,00 €/día |

Para facer uso de calquera destes servizos será necesario abonar previamente a cuota do seguro anual escolar de 5 €
Tódolos prezos inclúen I.V.E.

Teléfono Atención ás familias 630 363 844

www.arumeservicios.gal

info@arumeservicios.gal

INFORMACIÓN SOBRE O TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Desde o día 25 de maio de 2.018, é de aplicación a normativa europea en materia de protección de datos de carácter persoal (RGPD). É por iso que che facemos chegar esta comunicación, para informarche con todo detalle sobre os tratamentos de datos persoais levados a cabo por ALIMENTACION SALUDABLE GALIEGA SLU con CIF B-27831783 (en diante, ALIMENTACION SALUDABLE), na súa condición de Responsable de Tratamento dos mesmos.

É o noso obxectivo tratar os teus datos con total transparencia e achegando sempre as maiores garantías de confidencialidade e seguridade. ALIMENTACION SALUDABLE designou un Delegado de Protección de Datos, ao cal podes dirixirte en calquera momento para consultar calquera dúbida sobre o tratamento dos datos persoais mediante correo electrónico a lpd@alimentacionsaludablegaliega.com

Con qué finalidades trataremos os datos?

Os datos persoais que nos facilites, así como os do teu fillo/a ou tutelado/a, serán tratados coa finalidade de xestionar todos os aspectos da prestación do servizo contratado, incluíndo a organización do servizo e a xestión administrativa do mesmo. A base xurídica para os devanditos tratamentos de datos é a execución do servizo contratado.

Así mesmo, os teus datos poderán ser tratados coa finalidade de remitirche, por calquera medio incluíndo o electrónico, información sobre os servizos prestados por ALIMENTACION SALUDABLE. A base xurídica do devandito tratamento é o interese lexítimo de ALIMENTACION SALUDABLE de manter informados os seus usuarios sobre os seus servizos.

Podes optar, en calquera momento, ao tratamento dos teus datos para o envío de comunicacións sobre servizos de ALIMENTACION SALUDABLE mediante correo electrónico dirixido a lpd@alimentacionsaludablegaliega.com

Cómo tratamos os datos de saúde?

No caso de que o teu fillo/a ou tutelado/a teña algunha alerxia ou intolerancia é imprescindible que nolo comuniques de maneira que podamos garantir que recibe a atención necesaria. Os datos serán utilizados unicamente coa finalidade de adecuar os servizos á súa realidade e serán eliminados unha vez finalizado o servizo contratado.

Durante canto tempo conservaremos os datos?

Os teus datos serán conservados durante o período de prestación dos servizos e, unha vez finalizados, conservaranse, debidamente bloqueados, durante todo o tempo en que resulte necesaria a súa conservación para atender aos requirimentos legais aplicables. Devandito prazo de conservación determinarase en base á lexistación aplicable en cada momento.

Con quen compartiremos os datos?

Os teus datos poderán ser comunicados a terceiros cando sexa necesario para o correcto desenvolvemento e control dos servizos (por exemplo, a entidades bancarias) ou cando unha lei así o requira. A base xurídica para as devanditas cesións é a existencia da relación mercantil, así como o cumprimento das posibles obrigacións legais derivadas da mesma.

Cómo protexemos os datos?

ALIMENTACION SALUDABLE está comprometida coa seguridade da información e definiu políticas de seguridade e procedementos para garantir a confidencialidade dos teus datos.

Podemos contratar a terceiros determinados servizos que poden supoñer o acceso e/ou tratamento de datos persoais, pero, en todo caso, esixese que os terceiros cumpran coa lexistación vixente e coas nosas políticas de seguridade, debendo garantir o uso da información conforme ás instrucións de ALIMENTACION SALUDABLE e debendo implantar as medidas técnicas e organizativas apropiadas para garantir a confidencialidade da información.

Calas son os teus dereitos en materia de protección de datos?

En calquera momento, podes exercer os teus dereitos dirixíndote ao Delegado de Protección de Datos, na dirección electrónica indicada.

En particular, podes solicitar o acceso aos datos persoais, solicitar a rectificación de calquera dato inexacto, solicitar a supresión dos teus datos persoais, solicitar a limitación do tratamento, así como solicitar a portabilidade dos mesmos, sempre nos termos previstos na lexistación vixente.

Así mesmo, cando a base xurídica para o tratamento sexa o interese lexítimo de ALIMENTACION SALUDABLE, poderás exercer o teu dereito de oposición ao tratamento dos datos persoais.

Tamén te informamos da opción de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, en caso de considerar que se cometeu unha infracción respecto ao tratamento dos teus datos persoais.

Desexas renovar automaticamente o servizo?

No caso de que nos autorices, procederemos a renovar de maneira automática o servizo durante os seguintes períodos escolares, en tanto desexes que o teu fillo/a ou tutelado/a sexa usuario do comedor escolar.

Se aceptas a renovación automática, necesitamos que, no seu caso, nos comuniques calquera cambio que poida producirse sobre os datos necesarios para a correcta prestación do servizo e para a correcta facturación do mesmo.

En calquera momento poderás cancelar a renovación automática, dirixíndote por correo electrónico a info@alimentacionsaludablegaliega.com

Acepto o tratamento de datos persoais nos termos citados

Acepto a renovación automática do servizo

Firma Titor/a:

Nome e apelidos: _____ D.N.I: _____

Teléfono Atención ás familias 630 363 844

www.arumeservicios.gal

info@arumeservicios.gal